

## PROPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCÍONS A INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO E ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES DERIVADOS DA REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, FEIRAS, MOSTRAS, CICLOS E CERTAMES DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS DE CARÁCTER AFECCIONADO 2022

Anxo Manuel Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura, vista a acta da Comisión da Avaliación constituída para examinar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro do artigo 13 da Orde do 25 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais. (DOG núm.47, de 9 de marzo de 2022).

### PROPÓN:

**Primeiro.** Aprobar a listaxe de solicitudes admitidas e puntuacións correspondentes

As solicitudes admitidas coas puntuacións relaciónanse no Anexo I que se xunta, que se divide en dous apartados:

As solicitudes admitidas coas puntuacións relaciónanse no Anexo I que se xunta, ordenadas por número de expediente:

-Anexo I. a): Institucións sen fin de lucro, que comeza pola Asociación cultural Buchamade e remata na Banda de Música Unión Musical de Tenorio.

-Anexo I. b): Entidades locais galegas, que comeza polo Concello de Noia e remata no Concello de Soutomaioir.

**Segundo.** Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 2 da orde, así como aquelas solicitudes non presentadas en tempo e forma, consonte o establecido nos artigos 8 e 9 da orde de convocatoria (Anexo II)

**Terceiro.** Publicar a proposta de resolución provisional coas listaxes correspondentes no portal web [www.cultura.gal](http://www.cultura.gal).

**Cuarto.** Segundo o establecido na Orde de convocatoria, ábrese un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente documento no portal web, para a presentación de alegacións, as cales irán dirixidas á Dirección Xeral de Cultura a no lugar e forma indicados no artigo 15.6 da Orde de convocatoria.

En todo caso, as entidades locais que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Secretaria Xeral de Cultura, a través do seguinte enderezo: [direccion.xeral.cultura@xunta.gal](mailto:direccion.xeral.cultura@xunta.gal) no cal indicarán o día en que se presentou a alegación e o motivo da mesma.

Santiago de Compostela  
O director xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

